

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o vindeiro **día 20 de ABRIL/2018 ás 20 HORAS**, en primeira convocatoria, e, no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para tratar os asuntos relacionados no seguinte

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- Aprobación, se procede, de borradores de actas de sesións anteriores: 12.03.18 (Extraordinaria e urxente); 16.03.18 (Ordinaria).

2º.- Aprobación inicial do orzamento municipal de 2018, ao que se incorpora a plantilla e o Anexo de persoal.

3º.- Aprobación inicial de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 2/2018.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

4º.- Dar conta ao Pleno de decretos da Alcaldía. (Emitidos dende o 10/03/2018 ao 13/04/2018).

5º.- Dar conta da liquidación do orzamento de 2017.

6º.- Dar conta de informes económicos.

7º.- Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

En Valdoviño a 17 de abril de 2018
O alcalde,

Alberto González Fernández

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR.
ALCALDE